

CONCELLO DE VIGO



"II CARREIRA do ENTROIDO Concello de Vigo"

REGULAMENTO

Art. 1: O Concello de Vigo organiza o **7 de febreiro de 2016**, a "II Carreira do Entroido" con saída e chegada na **Porta do Sol**. Evento que, enmarcado dentro da programación do Entroido de Vigo, terá un carácter sobre todo festivo, polo que se anima a todo o mundo a vir disfrazado.

Art.2: Poderán participar na mesma, atletas federados e non federados; dándose unha clasificación conxunta dos mesmos.

Art. 3: DISTANCIAS e HORARIOS

SAÍDA	CARREIRA	ANOS/ IDADES	DISTANCIA
10:30	Cadete	2001 , 2002	2400 m aprox.
10:50	Infantil	2003 , 2004	1600 m aprox.
11:05	Alevín	2005 , 2006	600 m aprox.
11:15	Benxamín	2007, 2008	250 m aprox.
11:30	Pequerrechos	2009, 2010, 2011 , 2012	60 m aprox.
11:45	Absoluta	2000 e anteriores	5 km e 10 kms

Art. 4: PREMIOS

■ Na carreira Absoluta 10 km:

- Habará un **premio especial** ó chegar a meta para todos aqueles que corran **disfrazados**.

- Daranse premios en metálico ós 3 primeiros clasificados absolutos en ambos sexos: **1º Clasificado/a 300 €**, **2º Clasificado/a 200 €**, **3º Clasificado/a 100 €**.

- Ademais entregaranse **premios ós 3 primeiros** de cada un dos sexos **das distintas categorías** establecidas no cadro seguinte:

CATEGORÍA	ANOS/ IDADES
Xuvenil	2000, 1999
Júnior	1998, 1997
Promesa	1996, 1995, 1994
Sénior	1993 ata 39 anos
Veteranos A	entre 40 e 49 anos
Veteranos B	entre 50 e 59 anos
Veteranos C	con 60 e máis anos

- Así mesmo **tódolos participantes da carreira recibirán** un obsequio conmemorativo da proba ó recoller o seu dorsal, dentro da súa **bolsa de corredor**.

■ Na carreira Absoluta 5 km:

- Habará un **premio especial** ó chegar a meta para todos aqueles que corran **disfrazados**.

- Darase un premio económico de **150 € ó mellor grupo/conxunto** de máis de 5 persoas (que inscribíndose como tal) corran disfrazados. Para determinar cal de tódolos grupos é o mellor a organización disporá dun xurado a pé de rúa, que valorará a orixinalidade, sintonía do grupo e graza.

- Así mesmo **tódolos participantes da carreira recibirán** un obsequio conmemorativo da proba ó recoller o seu dorsal, dentro da súa **bolsa de corredor**.

■ No resto de carreiras (menores):

- Habará premio para os 3 primeiros de cada un dos sexos nas categorías que seguen:

CATEGORÍA	ANOS/ IDADES
Cadete	2001 , 2002
Infantil	2003 , 2004
Alevín	2005 , 2006
Benxamín	2007 , 2008

- Na carreira de Pequerrechos (2009, 2010, 2011, 2012), que terá carácter unicamente participativo, daranse medallas a tódolos participantes.

Art. 5: PERCORRIDO

As carreiras de Rapaces, Nenos, Pequenos e Pequerrechos desenvolveranse na peonil Rúa do Príncipe. Con saída e punto de encontro no final desta rúa con Praza Porta do Sol.

A carreira absoluta con saída na Porta do Sol, fará un percorrido por Rúa Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Rúa Pi y Margall, Rúa López Mora, Avda. das Camelias, Praza da Independencia e continuación por Avda. das Camelias, Rúa de Romil, Rúa da Falperra, Rúa Cachamuíña, Ronda de Don Bosco, Rúa Progreso e Rúa Doutor Cadaval ata Praza Porta do Sol, finalizando aquí os de 5 kms e iniciando unha nova volta os de 10 kms.

Art. 6: INSCRICIÓN

O prazo de inscrición **remata o mércores 3 de febreiro ás 24:00** horas. Tódalas inscricións realizaranse a través da web **championchipnorte.com**
A inscrición en calquera das carreiras **É GRATUÍTA.**

Art. 7: RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS

	INICIO	PECHE	LUGAR
Sábado 6	17:00	20:00	Sede da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo Teléfono: 886 13 96 70 Rúa do Ecuador, 34 C.P. 36203 Vigo, Pontevedra
Domingo 7	9:30	11:00	Inmediacións saída

Art.8: SERVIZOS

A organización porá un servizo de asistencia, que velará pola saúde dos atletas.

Contará tamén cos correspondentes seguros de Responsabilidade Civil e Accidentes, válidos durante o transcurso do evento.

Art. 9: Todo corredor que non entre en meta co seu dorsal e chip correspondentes ou que incumpra as normas do presente regulamento poderá ser desclasificado.

Art. 10: Queda totalmente prohibido levar calquera tipo de lenda con publicidade que conteña mensaxes de carácter político ou doutrinal, de signo partidario ou confesional, as que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente.

Art. 11: Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou patinetes, nin persoas non inscritas na proba.

Art. 12: As reclamacións ós resultados oficiais deberán realizarse verbalmente, despois de terse feito públicos e como mínimo 20 minutos antes da entrega do premio, ante calquera membro do Comité Organizador.

Art. 13: Todo o non previsto neste regulamento resolverase mediante o consenso dos membros do Comité Organizador da carreira.

Art. 14: O feito de inscribirse nesta carreira implica a total aceptación do presente regulamento. Dando vostede autorización ós organizadores a rexistrar total ou parcialmente a súa participación mediante fotos, vídeos, televisión ou calquera outro medio de difusión.